

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISION INFORMATIVA DE PRESIDENCIA,
RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA DE DATA 12 DE
MAIO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás dezanove horas do día doce de maio de dous mil oito, reúnen-se en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros da Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE
- Dona M^a Jesús González Roel, do PP, por imposibilidade de asistencia de don Felipe Andreu Barallobre
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU
- Don Manuel Marante Gómez, do Grupo Mixto (PG)

Faise constar que está presente o señor concelleiro don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.

Actúa como secretaria dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examínase o único asunto incluído na orde do día da convocatoria.

1º Proposta de bandeira e escudo municipais

Vista a proposta do concelleiro delegado de Presidencia, Planificación e Réxime Interior de data 7 de maio actual que literalmente se transcribe a continuación:

“Con data 11 de marzo de 2008 rexístrase de entrada ao núm. 2736 escrito procedente da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ao que se achegan propostas

da Comisión de Heráldica de escudo e bandeira municipais co fin de tramitar o correspondente expediente, iso con base no acordo adoptado polo Pleno da corporación en sesión ordinaria de data 29 de novembro de 2007.

“- *Proposta de escudo:* En campo de azur un piñeiro da súa cor terrasado de sinople, todo perfilado de ouro, acostado de dúas vieiras de ouro. Ao timbre a coroa real pechada.

- *Proposta de bandeira:* Pano de verde co terzo vertical do centro de amarelo; este cun piñeiro froitado da súa cor; e os terzos de verde cunha vieira de amarelo cada un.”

De conformidade coa proposta da Xunta de Voceiros de 17 de abril de 2008 remitiuse ao vicepresidente da Comisión de Heráldica da Xunta de Galicia, as catro propostas de bandeira municipal que foron examinadas na citada xunta de voceiros.

Con data 24 de abril recíbese correo electrónico ao que se achegan os catro modelos de bandeira municipal examinados pola xunta de voceiros, e ás que se lles efectuaron as correspondentes modificacións co fin de cumprir coa normativa en materia de heráldica.

Ao mesmo tempo faise constar que, ante a preferencia da cor branca no paño da bandeira, a proposta de escudo remitida o 11 de marzo de 2008, onde o perfilado do piñeiro e o esmalte das vieiras é en ouro, debe modificarse, polo que o perfilado do piñeiro e o esmalte das vieiras debe ir en prata (branco).

Vista a proposta formulada pola Xunta de Voceiros en sesión extraordinaria de data 30 de abril de 2008, formulo a seguinte proposta de ditame á Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica:

Primeiro: Prestar conformidade á proposta de escudo municipal aprobada pola Comisión de Heráldica en sesión de data 12 de febreiro de 2008, coa seguinte modificación: “o perfilado do piñeiro e o esmalte das vieiras será en prata”.

Segundo: Formular nova proposta de bandeira municipal no sentido de que o paño será totalmente en branco, e as vieiras, de cor prata (branco), perfiladas en azul, deberán ir colocadas baixo o piñeiro.

Terceiro: Remitir o ditame á Comisión de Heráldica para os efectos do correspondente informe.”

Aberto debate, dona M^a Jesús González Roel, do PP, mantén a proposta feita polo seu grupo na xunta de voceiros de 30 de abril de 2008 respecto de que a bandeira sexa azul co terzo vertical do centro en branco, porque consideran que se a bandeira fora totalmente branca, non ía resaltar nada o escudo, non obstante, engade, é consciente de que tamén pode ser unha cuestión de gustos.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que o seu grupo tomou a decisión de non participar neste tema. Consideran que a situación do concello non está para debates de bandeiras, iso estaría ben se o concello estivera nunha situación normal, pero agora o tema da bandeira é un tema superfluo, e parece que se está escapando dos problemas que hai. O primeiro, o do propio goberno municipal, e despois a aprobación do orzamento, o tema do AVE, da Vía Ártabra, etc., etc.

Conclúe dicindo que non se van posicionar neste debate, pois incluso hai xente que o podería tomar como un insulto se se sacaran temas como este e se deixaran os problemas que ten o concello, e piden ao resto dos grupos que adopten a mesma postura e deixen o tema neste punto, sin elevalo á Comisión de Heráldica nin ao Pleno.

Toma a palabra don Francisco Javier Varela Tejedor, do PSdeG-PSOE, e expón que respecta o manifestado polo concelleiro do BNG, pero este non é un tema menor, si é certo que hai temas máis importantes e que terán máis transcendencia, pero tamén o tema da bandeira e o escudo municipal ten importancia a nivel comunitario, forman parte da propia identidade do municipio.

Conclúe que, ademais, deixar o tema neste punto é perder o tempo de todos, se se iniciou o expediente habería que terminalo, agás que non se estivera de acordo, polo que pide que se resolva, aínda que sexa un tema menor, pois isto non dificulta que se traten os temas maiores.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, expón que todos os temas son importantes, uns máis que outros, pero este é un paso que hai que dar.

Cre que a este tema hai que darlle a importancia que ten, e que hai que darlle carpetazo sen ignorar outros asuntos de máis importancia. No que si coincide é en que non debe perderse máis tempo nin diñeiro neste asunto.

Dona M^a Jesús González Roel, do PP, opina como don Luis Miguel Taibo Casás, debe concluírse o expediente.

Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG), tamén considera que se debe levar o tema adiante e darlle carpetazo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, contesta que non propoñen volver a un punto cero, senón deixar o tema onde está e así llelo propoñen aos demais grupos. Se non se acepta a proposta, abstéñense.

O resto de membros da Comisión manteñen a postura inicial.

A secretaria lembra aos concelleiros que, segundo fixo constar no informe emitido o 26 de novembro de 2007, esíxese a maioría absoluta do número legal de membros da corporación para a adopción de acordos en materia de adopción ou modificación de bandeira ou escudo, polo que non se cumpriría con este requisito, dado que a proposta de que a bandeira sexa branca obtendría un total de dez votos, correspondentes aos sete concelleiros do PSdeG-PSOE, aos dous concelleiros de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

Dona M^a Jesús González Roel, do PP, manifesta que o seu grupo non ten inconveniente en cambiar a súa postura, e dar por concluído o asunto.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria a proposta presentada á comisión informativa e que foi transcrita ao inicio.

Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE, a concelleira do PP, o concelleiro de EU-IU, e o concelleiro do GM (PG), e abstense o concelleiro do BNG.

A comisión, por catro votos a prol, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Prestar conformidade á proposta de escudo municipal aprobada pola Comisión de Heráldica en sesión de data 12 de febreiro de 2008, coa seguinte modificación: “o perfilado do piñeiro e o esmalte das vieiras será en prata”.

Segundo: Formular nova proposta de bandeira municipal no sentido de que o paño será totalmente en branco, e as vieiras, de cor prata (branco), perfiladas en azul, deberán ir colocadas baixo o piñeiro.

Terceiro: Remitir o ditame á Comisión de Heráldica para os efectos do correspondente informe.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as dezanove horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria

Francisco Javier Varela Tejedor

M^a Luisa de la Red Ampudia